

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR AYALA, NARÓN

CURSO: 4º ESO

MATERIA: TIC

DEPARTAMENTO: CIENCIAS

DATA: 12 DE MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
▪ B1.1. Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.	▪ TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	▪ CD ▪ CSC
	▪ TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	▪ CD ▪ CMCCT.
▪ B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	▪ TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
▪ B1.3. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.	▪ TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	▪ CD ▪ CAA ▪ CSC
	▪ TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	▪ CD ▪ CSC ▪ CCEC
▪ B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos,	▪ TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	▪ CD ▪ CMCCT.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.		▪ CAA
	▪ TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	▪ CD ▪ CMCCT.
▪ B2.2. Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral.	▪ TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CAA
▪ B2.3. Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	▪ TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	▪ CD ▪ CMCCT.
▪ B2.4. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	▪ TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	▪ CD ▪ CMCCT.
▪ B2.5. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.	▪ TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CSIEE
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CAA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Coñecer os estándares de publicación e empregalos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CSC

CCL - Competencia en Comunicación Lingüística.

CMCCT - Competencia Matemática e Competencias Básicas, en Ciencia e Tecnoloxía.

CD - Competencia Dixital.

CAA - Aprender a Aprender.

CSC- Competencias Sociais e Cívicas.

CSIEE - Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor.

CCEC - Conciencia Expresións Culturais.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Participación, actitude. Achega de ideas e solucións e proactividade. Aproveitamento en xeral Cumprimento dos prazos de entrega ou puntualidade na entrega (tendo en conta a situación particular na que se atope o alumno ou alumna) Orixinalidade e creatividade nas solucións Comunicación telemática sobre o seu traballo (tendo en conta a situación particular na que se atope o alumno ou alumna)</p> <p>Instrumentos: Observación Sistemática Realización das Actividades de Ensinanza-Aprendizaxe Probas Obxectivas Presenciais (se as circunstancias permiten a reincorporación ás aulas)</p>																
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado.</p> <table border="1" data-bbox="635 1066 1315 1263"><thead><tr><th></th><th>Media da 1ª e 2ª avaliación</th><th>3ª avaliación</th><th>materia</th></tr></thead><tbody><tr><td>A</td><td>Aprobada</td><td>Non aplica *</td><td>Aprobada</td></tr><tr><td>B</td><td>Suspensa</td><td>Tarefas entregadas</td><td>Aprobada</td></tr><tr><td>C</td><td>Suspensa</td><td>Tarefas non entregadas</td><td>Suspensa</td></tr></tbody></table> <p>Na táboa anterior calcularase a media tendo en conta as tarefas de reforzo en caso de ter algunha avaliación suspensa.</p> <p>*As tarefas da terceira avaliación, soamente servirá para subir a nota final respecto a media das dous avaliacións anteriores.</p>		Media da 1ª e 2ª avaliación	3ª avaliación	materia	A	Aprobada	Non aplica *	Aprobada	B	Suspensa	Tarefas entregadas	Aprobada	C	Suspensa	Tarefas non entregadas	Suspensa
	Media da 1ª e 2ª avaliación	3ª avaliación	materia														
A	Aprobada	Non aplica *	Aprobada														
B	Suspensa	Tarefas entregadas	Aprobada														
C	Suspensa	Tarefas non entregadas	Suspensa														

2. Avaliación e cualificación

Proba extraordinaria de setembro	<p>A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado debe de ser integradora e continua, e polo tanto, ter en conta dende todas e cada unha das materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa de desenvolvemento das competencias correspondentes.</p> <p>Na convocatoria de Setembro para o presente curso, dadas as especiais circunstancias, o alumnado acudirá a ditas probas para avaliarse unicamente das aprendizaxes realizadas ata a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020. Nestas avaliacións, procederá a avaliar un conxunto de MÍNIMOS ESIXIBLES, resultando como cualificación máxima un 6.</p>
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Non aplica, curso final de etapa educativa
	Criterios de cualificación: Non aplica, curso final de etapa educativa
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non aplica, curso final de etapa educativa

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>RECUPERACIÓN E REFORZO: Para o alumnado que teña suspensa algunha avaliación, enviaráselle telemáticamente tarefa de recuperación e reforzo. No caso de entregarse en tempo e forma quedará recuperada a avaliación correspondente (tendo en conta a situación particular na que se atope o alumno ou alumna).</p> <p>REPASO E REFORZO: Entre as tarefas propostas durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de repaso e reforzo das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado. Estas tarefas serán de obrigada entrega, tendo en conta a situación particular na que se atope o alumno ou alumna. Estas tarefas teranse en conta sempre e cando beneficie ao alumando.</p> <p>AMPLIACIÓN: Durante a 3ª avaliación realizaranse actividades de ampliación dos obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado. Estas tarefas teranse en conta sempre e cando beneficie ao alumando.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>ALUMNADO CON CONECTIVIDADE: As tarefas son cargadas na web do colexio semanalmente os luns. O arquivo entregado dótase de:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Teoría (no caso de que proceda) b) Exemplos c) Proposta de exercicios a resolver d) Ligazóns de soporte ó alumando para o desenvolvemento da actividade <p>ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE: As tarefas son entregadas ó concello de Narón semanalmente a semana anterior para ser impresos en entregados ás familias que así o soliciten. O arquivo entregado dótase de:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Teoría (no caso de que proceda) b) Exemplos c) Proposta de exercicios a resolver

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Materials e recursos

- Cuestionario de conectividade para coñecer o grado de conexión do alumando para o correcto deseño das tarefas acorde á situación de cada alumna e alumno.
- Creación dunha páxina web específica para a materia onde se soben vídeos explicativos e material para conseguir unha aprendizaxe significativa e eficiente das actividades propostas para este terceiro trimestre, tanto de repaso como ampliación.
- Creación de vídeos tutoriais para a resolución de tarefas <https://www.youtube.com/channel/UCgkxKMIrgwA5YoyyYkEdGJw/playlists>
- Creación de “Quiz” virtuais recollendo a teoría tratada para o seu repaso gamificado e así aumentar a motivación do alumando respecto ós contidos teóricos. https://quizlet.com/Merce_Orbaneja
- Fichas explicativas
- Exemplos didácticos
- Guías didácticas
- Atención vía telemática para resolución de dúbidas e apoio.
- Enquisas que se facilitarán ó alumando para valorar e facer seguimento da motivación e o vínculo:
 - Grado de satisfacción coa actividade
 - Percepción da aprendizaxe
 - Percepción de dificultade
 - Tempo empregado en completar a tarefa.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A profesora comunicarase co alumnado e familias polo seguintes medios: E-mail morbaneja@edu.xunta.gal , Abalar e outros medios telemáticos dos que poida dispoñer o alumando.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro: https://colegioayala.com/ Replica na web da profesora con material TIC de referencia: https://theworkshop.education/